

## Clausura das Escolas Culturais

O vindeiro venres día 29 de maio celebraremos a Xornada de Clausura das Escolas Culturais no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. Un programa que este ano cumpre vinte e dous anos da súa creación . Un día no que teremos a oportunidade de avaliar o traballo realizado nas diferentes escolas culturais tanto dos escolares como dos adultos que cada ano incrementan a súa participación, contando este ano con máis de 700 alumnos/as.

O programa de actos desta Xornada de Clausura das Escolas Culturais será o seguinte:

- 19:00 h. Xornada de informática de portas abertas para pais e nais.
- 19:30 h. Actuacións das escolas municipais de ballet-danza, ballet clásico, folclore galego (gaita, percusión e danza) e guitarra.
- 21:00 h. Entrega de diplomas e regalos.

As Escolas Municipais cumpren este curso 22 anos de vida da súa fundación converténdose nunha auténtica institución en Culleredo e teñen a función de ser escola de base para a aprendizaxe de diferentes disciplinas artísticas (óleo, debuxo, fotografía dixital, confección industrial, informática, inglés, guitarra, cullerxogo, ecociencia, bailes de salón, ballet clásico, baile galego, gaita, ballet-danza e ioga) . Unha oferta que supón unha aposta clara pola formación e o ocio organizado, así como o complemento básico para a educación dos nosos fillos/as e elemento clave da súa iniciación artística e cultural en Culleredo.

Culleredo, 25 de maio de 2009.

**O CONCELLEIRO DE CULTURA**

Asdo.: Celestino Poza Domínguez